

XORNADA ECONOMIA AZUL

*O mar como motor
de innovación e crecemento*

MARTES 11 DE DECEMBRO
17:00 A 20:00HRS

PAZO VISTA REAL
VILANOVA DE AROUSA
Corón, 37 - Caleiro

A Unión Europea (UE) considera os mares e océanos como motores da economía dos territorios costeiros polo seu gran potencial para a innovación e o crecemento; e aposta pola economía azul como alternativa de futuro porque ofrece **máis vida e desenvolvemento para as poboacións costeiras e implica emprego e oportunidades** que permiten que a xente moza poida establecerse no seu territorio.

En España, a economía azul emprega a máis de 691.000 persoas e xera aproximadamente 23 millóns de euros de valor agregado. En toda a Unión Europea representou en 2016 o 1,3% do PIB total. Para promover a economía azul **a UE considera vital establecer sinerxías entre autoridades, entidades investigadoras e empresas**, para conectar as ideas e iniciativas coas persoas e grupos que poden promovelas e orientalas.

Con este obxectivo, o Galp Ría de Arousa, organiza esta xornada de traballo na que van participar todos os actores implicados no desenvolvemento de iniciativas de crecemento azul. **Teremos a oportunidade de expoñer proxectos, consultar dúbidas e coñecer de primeira man as investigacións que se están desenvolvendo neste momento en Galicia e Portugal.** Unha sesión de traballo enfocada a presentar as oportunidades que ofrece a economía azul e como se poden aplicar no territorio da Arousa.

PROGRAMA

- | | |
|-------------|--|
| 16:30-17:00 | Recepción de asistentes |
| 17:00-17:20 | Inauguración |
| 17:20-17:30 | Introdución: Qué é a economía azul. Yolanda Molares. Directora ICSEM. Instituto para o Crecemento Sostible da Empresa. |
| 17:30-18:00 | Proxectos do GALP Ría de Arousa. Rosa María Carballo Martínez. Xerente GALP Ría de Arousa, Representantes dos proxectos. |
| 18:00-18:30 | Proxectos do CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar). Paloma Rueda Crespo. Directora do CETMAR. |
| 18:30-19:00 | Caso práctico de Implementación da Estratexia Blue Growth no Porto de Vigo. Carlos Botana. Xefe do Departamento de Sostibilidade da Autoridade Portuaria de Vigo. |
| 19:00-19:30 | Proxectos do FÓRUM OCEANO. Rui Azevedo. Secretario Xeral. FÓRUM OCEANO. |
| 19:30-20:00 | Peche da xornada |
| 20:00-21:00 | Degustación de produtos do mar |

Podedes inscribirvos ou solicitar máis información a través do correo electrónico: xornadaeconomiaazul@gmail.com



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)